

Guía para os familiares do procedemento forense

O Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga), organismo dependente da Administración de Xustiza de Galicia, é plenamente consciente das difíciles circunstancias polas que están a pasar vostede e os seus seres queridos e trasládalle as súas máis sinceras condolencias.

Lamentando a súa situación e sensibilizándose coa súa dor, nace esta guía para explicarlle o procedemento que se vai a seguir a partir de agora coa persoa falecida.

Cando se produce un falecemento por razóns violentas, con indicios de criminalidade ou por causa natural pero de maneira súbita ou inesperada, a lexislación obriga á intervención da Xustiza a fin de aclarar as circunstancias da morte. Para iso, o Xulgado de Garda ordena unha investigación médico legal que se executa por especialistas médicos/as forenses e persoal auxiliar nas instalacións do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga), concretamente no Servizo/Sección de Patoloxía Forense do Instituto.

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE

1

TRASLADO DA PERSOA FALECIDA AO SERVIZO/SECCIÓN DE PATOLOXÍA FORENSE

A persoa falecida é trasladada ao Servizo/Sección de Patoloxía Forense:

Por unha das empresas funerarias con concesión da Administración para o desempeño de funcións de garda:

Cando o falecemento ocorre fóra dun hospital. Neste suposto practícase a dilixencia de levantamento de cadáver no lugar dos feitos, na cal participan o/a médico/a forense, ocasionalmente a Policía Xudicial e, cando o considera oportuno, o/a xuíz/a de garda e o/a Letrado/a da Administración de Xustiza. Ao rematar esta actuación, procédese ao trasladado.

Se o falecemento ocorre nun hospital no que non hai Servizo/Sección de Patoloxía Forense do Instituto de Medicina Legal de Galicia.

Polo persoal do Sergas, internamente:

Cando o falecemento ten lugar nun hospital no que radica o Servizo/Sección de Patoloxía Forense do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga).

2

ENTREGA DA PERSOA FALECIDA

Rematado o exame da persoa falecida, comunícase ao xulgado de garda inmediatamente para poder entregala aos seus achegados.

Para proceder á entrega efectiva, o xulgado de garda debe acordalo expresamente mediante resolución.

3

PROCEDEMENTO DE ESTUDO DA PERSOA FALECIDA

Tódalas persoas falecidas que ingresan no Servizo/Sección de Patoloxía Forense son obxecto dunha investigación médico legal destinada a aclarar as causas e circunstancias do seu falecemento, a través dunha autopsia completa.

Xeralmente é preciso a recollida de mostras para estudos forenses complementarios posteriores, tipo análises químicos, estudos microscópicos, etc. Os resultados obtidos envíanse aos laboratorios correspondentes e pode transcorrer un tempo para ter os resultados. Toda a información recóllese no informe de autopsia que estará a súa disposición no xulgado responsable da investigación.

O Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) exerce tamén actividades de docencia e investigación. Estas actividades realízanse preferentemente en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) ou outras institucións como as sanitarias. A utilización de mostras procedentes de falecementos para fins científicos posúe unhas disposicións legais específicas e realízase baixo unha estrita protección dos datos persoais que impide a identificación da persoa falecida.

A lexislación require que a persoa falecida non expresara a súa oposición en vida. Se vostede ten coñecemento dunha vontade do seu achegado/a nese sentido, pregámoslles que o comunique ao Servizo/Sección de Patoloxía Forense.

Por outro lado, o Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) quere poñer en valor estes estudos cuxos resultados poden axudar a salvar vidas doutros familiares na prevención da morte súbita ou doutras persoas nun futuro.

En falecementos por causas naturais e sobre todo, se existen antecedentes de enfermidades importantes que puideran ter sido a causa do falecemento ou no caso de persoas maiores, o/a médico/a do Centro de Saúde, dentro do prazo considerado razoable, ten potestade para emitir un Certificado médico ordinario de defunción. No caso da ausencia deste certificado, nas funcións de médicos/as do Rexistro Civil, os/as médicos forenses poden emitir un ditame que o substitúe polo que nesas circunstancias. pode non ter que realizarse unha autopsia da persoa falecida.

Nalgunhas ocasións, o estudo médico legal prohibe a incineración da persoa falecida. Sempre que a investigación médico legal o permite, o Servizo/Sección de Patoloxía Forense comunica ao xulgado instructor a autorización médico forense para proceder a unha eventual incineración da persoa falecida, por se fora este o desexo dos seus achegados.

As pertenzas persoais da persoa falecida (carteira, reloxo, teléfono móbil, etc.) recóllense no lugar dos feitos e devólvense aos seus achegados directamente ou por medio da Policía ou Garda Civil, que intervén no caso. Se a persoa falecida chega con pertenzas persoais ao Servizo/Sección de Patoloxía Forense, entregaranse posteriormente a través da funeraria, de forma conxunta coa persoa falecida ou remitiranse ao xulgado responsable da investigación.

O/a médico/a forense encargado/a da investigación das causas e circunstancias da morte e da autopsia realiza, ao longo da investigación, diferentes informes:

- 1) En tódolos casos, o "informe de adianto" ao rematar a autopsia, sinalando a causa máis probable do falecemento.
- 2) Posteriormente, pode emitir o "informe preliminar" da autopsia.
- 3) O "informe definitivo de autopsia" cando dispón de tódolos estudos e análises complementarios.

Tódolos informes sobre a autopsia están a disposición dos achegados no xulgado de instrución que tramita o caso.

Se a familia precisa aclaracións sobre os informes de autopsia, pode solicitar unha cita co/a médico/a forense responsable do caso, quen lle poderá aclarar dúbidas e ofrecerlle explicacións médicas e legais, coa única excepción das eventuais limitacións que impoña o/a xuíz/a encargado/a da investigación.

A Coruña

R/ Capitán Juan Varela s/n,
Edificio Antiga Audiencia Provincial, 15071 A Coruña
Tel.: 981 182 587
imelga.coruna@xunta.gal

Ferrol

R/ A Coruña, 55, 15401 Ferrol
Tel.: 981 337 242
imelga.ferrol@xunta.gal

Santiago de Compostela

R/ Viena s/n, Edificio Xuzgados, 15707 Santiago
Tel.: 981 54 04 82
imelga.santiago@xunta.gal

Pontevedra

R/ Tomás y Valiente, s/n, 36071 Pontevedra
Tel.: 986 805 886
imelga.pontevedra@xunta.gal

Vigo

R/ Padre Feijoo s/n (Cidade da Xustiza), 36204 Vigo
Tel.: 986 817 358
imelga.vigo@xunta.gal

Lugo

R/ Praza de Avilés, s/n, 27002 Lugo
Tel.: 982 294 871
imelga.lugo@xunta.gal

Ourense

R/ Velázquez, s/n, 32071 Ourense
Tel.: 988 687 169
imelga.ourense@xunta.gal



<https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/xustiza/imelga>